



**C.P.I. LUIS DÍAZ MORENO**  
**BIBLIOTECA ESCOLAR**  
**2009/2010**  
**"A Astronomía"**

**ASTRONOMÍA**  
**E**  
**RELIXIÓN**


## ASTROLOXÍA E O CRISTIANISMO

Moitas persoas cren firmemente que existe unha conexión moi íntima a nivel simbólico entre o cristianismo e a astroloxía.

No Evanxeo, e dende unha dimensión simbólica, pódese comprobar como se enfatiza o carácter relixioso do texto a través dos símbolos utilizados na Astroloxía, que é o sistema previo de crenzas ao cristianismo.



As evidencias aportadas polas observacións de Galileo de que vivimos nun sistema solar "copernicano", ou co Sol como centro (heliocéntrico), dentro dun vasto universo, constituíron un desafío para a postura da igrexa a favor do xeocentrismo.





Os maias de América Central axustaron o seu calendario co movemento de Venus. Este planeta xogaba un papel moi especial na relixión maia, porque despois do Sol era o principal ou o Deus máis importante, desprazando incluso ao Deus Lúa. Para determinar o periodo de Venus exactamente - o tempo que tarda en dar a volta completa - non é unha operación simple nin sequiera hoxe, pero os maias parece que o lograron, como pode ser visto nun antigo manuscrito.

A Astronomía moderna percorreu un longo camiño dende estas antigas crenzas e supersticións, pero teñen que agradecer aos sacerdotes e astrólogos por iniciar ao home na busca do descoñecido e espertar a súa curiosidade.

## SEMELLANZA ENTRE A VIDA DE XESÚS E A TRAXECTORIA DO SOL

O sol é o astro sen o cal a vida non sería posible na Terra.



A oposición entre a luz e a escuridade, simbolízase coa persoa de Xesús que é a luz para os cristiáns.

Nas estacións de primavera e verán teñen máis horas de luz que de escuridade e máis escuridade no inverno e no outono, no Hemisferio Norte.

Por outra parte, no Evanxeo preséntase a Xesús, identificado coma a luz, que vence a escuridade.

## SOLSTICIO DE INVERNO (21 DECEMBRO) E NA-DAL (25 DE DECEMBRO)



O inverno na Astroloxía representa a agonía do astro Sol, que se vai movendo, simbolicamente, ata o Solsticio de inverno.

A palabra solsticio provén do latín "stare", que significa deterse.

O 21 de decembro, prodúcese o Solsticio de inverno, onde o Sol alcanza o seu punto máis declinante cara ó sur e as noites son máis longas. (simbolicamente as tebras vencen a luz divina).

Durante tres días (ata o 24 de decembro), o Sol permanece inmóbil. E o 24 de decembro o Sol remonta rumbo a primavera co cal, pouco a pouco as noites son máis curtas e a luz predomina.

A traxectoria do Sol compárase coa morte e resurrección de Xesús no Evanxeo.

Xesús morre e resucita ao terceiro día.




O símbolo do tres é importante:

- tres días tarda o Sol, durante o solsticio de inverno, en ascender, é dicir, en resucitar.

-Xesús resucita ao terceiro día.

## ASTROS-CALENDARIOS-DEUSES

Para construír os calendarios, os nosos ancestros debían manter rexistros das estrelas, o sol, a lúa..., por longo tempo. Os babilonios por exemplo, mantiñan rexistros detallados do sol e dese xeito foron capaces de predicir eclipses cunha gran exactitude.



Estes deuses, á súa vez, chegaron a identificarse con obxectos celestiais - a cidade divina de Babilonia, Marduk tiña como símbolo o planeta Xúpiter; e Nurta, o Deus da guerra, era Saturno e así sucesivamente. Queda claro entón que só os sacerdotes podían falar con autoridade sobre o desexo dos deuses, xa que eles estaban en contacto diario cos deuses e coñecían as súas verdadeiras caras.

## O NÚMERO 12



O número 12 como símbolo é constante ao longo de toda a Bíblia, e tamén é significativo na Astroloxía.

É interesante sinalar o número 12 no Evanxeo e no Antigo Testamento.

Xesús tivo 12 apóstolos.

Hai 12 signos do zodíaco.

## A ESTRELA DOS REIS MAGOS



Xesús naceu cunha estrela ao Leste, a estela era seguida polos tres reis magos ou tres astrólogos.

Durante o solsticio de inverno a estela máis brillante ó leste é Sirius (unha das estrelas máis grandes da Vía Láctea).

Ao leste de Sirius sitúase a constelación de Orión, xusto no centro desta constelación sitúanse en diagonal 3 estrelas que apuntan cara a Sirius: Delta Orionis, Epsilon Orionis, Zeta Orionis, coñecidas desde a antigüidade como o Cinturón de Orión ou os tres reis.

Xesús naceu cunha estrela ó leste seguida polos tres reis, é dicir, cando ten lugar o solsticio de inverno, Sirius e os Tres Reis de Orión apuntan cara o Sol.

## EQUINOCIO DE PRIMAVERA E SEMANA SANTA




Durante o equinoccio de primavera, a constelación de Aries (o año) e a constelación da Cruz do Sur (o Crux) son visibles no ceo.

A constelación principal do equinoccio de primavera é a Constelación de Aries (o año).

O símbolo do año dentro da cultura xudeo - cristiá, como símbolo do sacrificio.

"A comunidade cristiá refírese a Xesús como "O Año de Deus", xa que, como o año, Xesús é a vítima inocente, que será sacrificada.

## EQUINOCCIO DE OUTONO O NACEMENTO DA DIVINIDADE



Antano, o equinoccio de outono era o comenzo do novo ciclo solar, e polo tanto, do comenzo dun novo ano: é o momento da recolección das colleitas, a época da sementeira é o momento de empezar un novo ciclo.

A nivel simbólico, o novo ciclo solar representa o nacemento do Sol, é dicir, o nacemento da divindade.

Un nacemento que ten lugar no equinoccio de outono, e dentro das constelacións do Zodiaco, é a constelación de Virgo a que está presente neste intre (a virxen).

O Sol inicia un novo ciclo anual, atravesando a constelación de Virgo, a luz nace do Sol e a divindade nace dunha Muller virxe (a Virxe María).

Xesús nace dunha Muller virxe por obra e graza do Espírito Santo.